

FORMA DE XUSTIFICACIÓN DOS MÉRITOS

Os méritos alegados no currículum vitae deberán ser xustificados mediante os documentos que se indican en cada caso:

1. Titulación/Formación académica**a) Expediente académico.**

Copia simple da certificación académica na que consten as cualificacións obtidas nos estudos universitarios e a data das mesmas, así como o número de convocatorias utilizadas para superar cada materia.

b) Grao de licenciatura ou tese de licenciatura.

Copia da certificación que o acredite.

c) Premio extraordinario de licenciatura.

Copia da certificación que o acredite.

d) Tese de doutoramento.

Copia simple do título ou da certificación de expedición do título ou, de ser o caso, da credencial de homologación ou o seu recoñecemento para o exercicio como docente de universidade expedida polo Ministerio de Educación.

e) Premio extraordinario de doutoramento.

Copia da certificación que o acredite.

2. Experiencia Investigadora**a) Publicacións: libros, capítulos de libros, artigos científicos, patentes, exposicións individuais e colectivas, etc.**

Acreditación dos méritos alegados mediante os pertinentes documentos, e nos seguintes casos como se indica a continuación:

- Para **libros**: copias da portada e título, autores (editores), créditos do libro (editorial, ISBN...), índice, ano de publicación. No caso de **capítulos de libros**, incluír ademais: primeira e última páxina do capítulo, asemade o índice de capítulos no que figure a contribución da persoa candidata.
- Para **artigos científicos**: copia da primeira e última páxina do artigo publicado. Se non figura na primeira páxina do artigo a información relativa ó número ou volume da revista, engadiranse copias do índice da revista ou outras páxinas que acrediten esta información.
- Para **patentes**: copia dos documentos oficiais de rexistro e concesión ou copia dos documentos que acrediten a explotación da mesma/s.

b) Relatorios e comunicacións en congresos, simposios, xornadas, elaboración de catálogos, etc.

Copia da portada onde conste editorial e ISSN/ISBN, índice, primeira e última páxina da contribución publicada. De non existir publicación deberá acreditarse o tipo de participación, a entidade organizadora e incluír copia do resumo enviado. Carta de invitación, de ser o caso.

c) Participación xustificada en proxectos de investigación subvencionados en convocatorias oficiais, outros proxectos I+D en empresas ou institucións.

Copia do documento de concesión e das páxinas que avalan: a participación da persoa interesada, a duración e a cantidade subvencionada. Alternativamente poderá acreditarse o mérito cun certificado expedido pola universidade ou centro de investigación titular do proxecto que inclúa os mesmos datos. Non se admiten xustificacións asinadas polo investigador principal se non están refrendadas pola correspondente Vicerreitoría de Investigación ou órgano certificador.

d) Estadías debidamente acreditadas noutros centros de investigación.

Acreditación dos méritos alegados coa copia da concesión da axuda de estadía da entidade financiadora, na que se especifique o destino e a duración. Copia da carta do centro receptor na que se constate a estadía, o período temporal e o tema abordado.

e) Bolsas de investigación, con acreditación oficial (FPI, predoutorais e homologados).

Acreditación dos méritos alegados mediante os pertinentes documento de concesión.

f) Outros méritos de investigación (membros do consello de redacción de revistas, bolsas de investigación de organismos privados, premios de investigación, etc.)

Acreditación dos méritos alegados mediante os pertinentes documentos.

3. Experiencia docente

a-I) Docencia universitaria en réxime de dedicación a tempo completo.

Certificados de docencia expedidos polo órgano competente da universidade.

a-II) Docencia universitaria en réxime de dedicación a tempo parcial.

Certificados de docencia expedidos polo órgano competente da universidade.

a-III) Docencia universitaria en réxime de bolsa ou contrato de investigación con acreditación oficial.

Certificados de docencia expedidos pola universidade e o documento de concesión da bolsa ou axuda.

b-I) Docencia non universitaria en réxime de dedicación a tempo completo.

Acreditación dos méritos alegados mediante os pertinentes documentos.

b-II) Docencia non universitaria en réxime de dedicación a tempo parcial.

Acreditación dos méritos alegados mediante os pertinentes documentos.

c) Acreditación de formación pedagóxica regulamentada

Acreditación dos méritos alegados mediante os pertinentes documentos.

4. Experiencia profesional

A experiencia profesional acreditarase coa seguinte documentación:

- **En traballos por conta allea:** certificado de servizos prestados en administracións e organismos públicos ou certificado actualizado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- **En traballos por conta propia:** certificado actualizado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. No suposto de que para a actividade profesional que se exerce non resulte obrigatoria a alta en ningún réxime do sistema da Seguridade Social, deberase presentar certificación da mutualidade correspondente á súa actividade.

Asemade, para a valoración destes méritos poderanse presentar outros documentos acreditativos da experiencia profesional.

5. Proxecto docente

O proxecto docente, cunha extensión máxima de 15 páxinas, versará sobre a materia indicada pola comisión específica de área nos criterios específicos (anexo IV). Se non foi indicada, o proxecto versará sobre unha das materias que figuran no perfil da praza no anexo II.

A extensión máxima do proxecto docente será de 15 páxinas

6. Coñecemento da lingua galega


Incluír o coñecemento da lingua galega.

7. Outros méritos

Acreditación dos méritos alegados mediante os pertinentes documentos

FORMA DE PRESENTACIÓN DOS MÉRITOS.

Os xustificantes orixinais dos méritos alegados no curriculum vitae deberán ser dixitalizados e incluídos nun único arquivo con formato pdf. Este arquivo deberá incluír un índice de todos os documentos que contén segundo o seguinte esquema:



O arquivo deberá nomearse como **Xustifica_DNI_CodPraza.pdf** (onde *DNI* se substituirá polo número de DNI da persoa candidata e *CodPraza* polo código da praza á que se presenta)

No curriculum vitae presentado, para cada mérito alegado debe indicarse, na casilla reservada para elo, o número da páxina deste arquivo na que se atopa o documento xustificativo correspondente.